



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE LAROUCO PARA A POSTA EN VALOR DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DO CASTRILLÓN (LAROUCO, OURENSE). CAMPAÑA 2021

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, Don Román Rodríguez González, que actúa en representación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Doutra, Dona Patricia Lamela Rodríguez, que actúa en representación do Concello de Larouco, en virtude da súa condición de alcaldesa da citada corporación, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ambas as dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de colaboración e polo tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: o artigo 198 apartados 1) e 2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei. Do mesmo xeito, o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, encomenda ás entidades



que integran a Administración local a obriga de protexer, difundir e fomentar o valor cultural dos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial

Terceiro: O xacemento arqueolóxico denominado O Castrillón, sitúase na parroquia de Nosa Señora dos Remedios, no concello ourensá de Larouco, en terreos de propiedade municipal.

Trátase dun asentamento fortificado datado con toda probabilidade na 2ª Idade do Ferro, dunhas 3 hectáreas de superficie que ocupa a totalidade dun esporón de xisto sobre o río Bibeí, a 511 metros de altitude sobre o nivel do mar, cun amplo control visual da contorna. O seu sistema defensivo ven definido polo norte, a zona máis accesible, por unha sucesión de catro fosos, seguidos dos seus respectivos contrafosos, escavados na propia rocha, tras dos que está, a unha cota máis alta, a zona ocupacional. Todos estes fosos aparecen conectados a occidente con outro grande foso de monumentais dimensións. Como complemento a este monumental foso, no tramo máis setentrional, rexístranse unha serie de lousas de pedra en posición diagonal ou vertical fondamente enterradas que se poden asociar coas tradicionais pedras fincadas.

A nivel de protección, este xacemento arqueolóxico ten a consideración de ben catalogado do patrimonio cultural de Galicia en base ao artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) dado que aparece recollido no Plan Básico Autonómico de Galicia, aprobado polo Decreto 83/2018, de 26 de xullo (DOG núm. 162, do 27.08.2018). O dito ben patrimonial tamén aparece recollido no inventario de xacementos arqueolóxicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural co código GA32038003.

O xacemento arqueolóxico localízase, ademais, nun entorno de Rede Natura, en concreto na Zona Especial de conservación “Macizo Central” (código ES1130002), e tamén na Área de Especial Interese Paisaxístico As Ermidas-Val do Bibeí (código AEIP-02-02).

No ano 2020 realizouse unha limpeza deste xacemento arqueolóxico co fin de mellorar a caracterización e delimitación dos seus elementos principais, fundamentalmente o seu sistema defensivo, de cara a súa revalorización patrimonial como recurso turístico e tamén de cara ao seu mellor rexistro e documentación. Tamén se realizaron 2 sondaxes valorativas naquelas zonas do xacemento con maior potencialidade arqueolóxica e cuxo resultado máis destacable foi a exhumación dunha cabana rupestre de forma rectangular. Na actuación, ademais, localizouse un conxunto de petróglifos tipo “coviña”.

Cuarto: Tendo en conta os valores históricos, patrimoniais e medioambientais que aglutina o xacemento arqueolóxico do Castrillón anteriormente referidos, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Larouco consideran de interese continuar cos traballos de recuperación patrimonial do referido xacemento coa finalidade de favorecer a súa investigación, conservación e posta en valor. Así, dado o interese coincidente de ambas as dúas partes, coñecedoras da importancia que ten a colaboración mutua en materia de conservación e protección do noso patrimonio cultural, subscriben o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes



CLÁUSULAS

Primeira: obxecto do convenio

É obxecto do presente convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Larouco, a realización dos traballos de **Posta en valor do xacemento arqueolóxico do Castrillón (Larouco, Ourense). Campaña 2021**

A través deste convenio de colaboración preténdese realizar os traballos necesarios para favorecer a investigación, conservación e posta en valor do xacemento arqueolóxico do Castrillón (Larouco, Ourense) e así contribuír ao coñecemento e difusión do patrimonio cultural da bisbarra.

As actuacións a realizar serán as seguintes:

1. Actuacións de limpeza e conservación

- Realización dunha limpeza e roza do xacemento arqueolóxico, baixo control arqueolóxico, centrada fundamentalmente no foxo monumental e no recinto inferior do xacemento, coa finalidade de favorecer a súa visibilidade e delimitación espacial.

2. Actuacións de escavación, investigación e documentación

- Realización de sondaxes arqueolóxicas, nunha superficie de aproximadamente uns 50 m², co obxecto de ampliar a escavación no sector da cabana rupestre co fin de localizar novas estruturas e tamén de investigar e documentar a posible porta situada ao mediodía do poboado.
- Realización dunha fotogrametría 3D do conxunto de petróglifos e da cabana rupestre.
- Toma de mostras e realización de análises e datacións C14.

3. Actuacións de acondicionamento e sinalización

- Realización do acondicionamento e sinalización dunha ruta segura para os visitantes a través da recuperación do camiño tradicional de acceso ao ben arqueolóxico.
- Deseño e colocación dun panel informativo no sector onde se sitúa a cabana rupestre e o conxunto de petróglifos.

4. Accións de divulgación

- Ademais da propia intervención arqueolóxica, tense previsto levar a cabo diferentes accións de divulgación dos traballos arqueolóxicos realizados (divulgación nas redes sociais, visitas guiadas, charlas...).





Estes traballos faranse con metodoloxía arqueolóxica e serán dirixidos por un/ha arqueólogo/a que cumpra os requisitos esixidos polo Decreto 199/97, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta subvención non é posible promover a concorrència pública, xa que o xacemento arqueolóxico atópase incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural como Ben Catalogado e está incluído na proposta de actuacións que a Consellería pretende desenvolver no patrimonio arqueolóxico de Galicia, en colaboración cos concellos, elaborada pola Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e cumpre con todos os criterios obxectivos fixados nesta programación.

Segunda: achega económica

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade financiará o 100% das actividades descritas e contribuirá con cargo á aplicación orzamentaria **10.41.433A.760.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, cunha achega máxima de **30.000 €** no ano 2021.

Será compatible a percepción doutras axudas para o mesmo proxecto sempre que, illada ou en concorrència con ingresos, subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, non supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Terceira: obrigas do beneficiario

- Contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público.
- Cumprir o seu deber de remisión das contas xerais de cada exercicio ao Consello de Contas.
- Executar, no prazo de vixencia do convenio, o investimento obxecto deste convenio.
- Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia os informes e as autorizacións preceptivas das actuacións, así como de calquera modificación que xurda no seu desenvolvemento.
- O beneficiario consinte expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei de subvencións de Galicia.
- En todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto, incluírase a imaxe





institucional da Xunta de Galicia, como entidade colaboradora.

- Logo de asinar o convenio e con carácter previo ao comezo da intervención arqueolóxica o Concello de Larouco terá que presentar un proxecto arqueolóxico onde se contemplan as actuacións propostas para que o autorice a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. O proxecto arqueolóxico deberá cumprir o disposto no Decreto 199/1997 que regula a actividade arqueolóxica na comunidade autónoma de Galicia e a Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia. Unha vez rematada esta actuación se presentará a correspondente memoria técnica.

Cuarta: comisión paritaria

Noméase unha comisión mixta de seguimento e control integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta: Xustificación dos investimentos

Gastos subvencionables: Considéranse subvencionables os gastos especificados no artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio.

Os tributos son gasto subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

Nos termos previstos polo artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

Documentación que ten que presentar o beneficiario: para a percepción da axuda será necesario presentar, ante a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do alcalde ou presidente, relativa á aprobación, polo órgano competente, da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:





- O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: a identificación do acredor, ou número de factura ou documento equivalente, o importe, a data de emisión e a data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- No suposto de adquisición de bens inmoables: certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.
 - Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación detallada da certificación expedida.
 - De ser o caso, os tres orzamentos que esixe o artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia.
 - Declaración responsable expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas e ingresos percibidos ou solicitados para este proxecto, na que se indique a entidade concedente, a data e o importe total (Anexo I).
 - Declaración responsable do órgano competente da entidade, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta declaración será comprensiva do cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións (Anexo II).
 - Declaración responsable de titularidade da conta bancaria (Anexo III).
 - Memoria técnica das intervencións arqueolóxicas realizadas.

En todo caso para o libramento da subvención será imprescindible o certificado acreditativo da verificación realizada, emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, no que se detallará o alcance das comprobacións practicadas.

Prazo para a presentación da documentación xustificativa: o prazo máximo para a xustificación dos investimentos coincidirá co do período de vixencia do convenio.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>



Pagamento da subvención: realizarase unha vez comprobada a xustificación presentada e a realización do proxecto para o cal se concedeu. O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

Cando se advirta un exceso de financiamento da actividade subvencionada, respecto do custo do proxecto, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade efectuará a dedución polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por ela.

Pagamentos a conta: poderanse realizar pagamentos fraccionados a conta que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas, e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata o límite máximo do 80% do importe. A contía restante, aboarase logo de xustificar a realización das actividades subvencionadas na súa totalidade.

Efectos da falta de xustificación: a falta de xustificación dos investimentos dentro do prazo establecido, determinará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención.

Sexta: facultades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e as comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, non asume máis obriga que a de achegar a cantidade prevista na cláusula segunda do presente documento. A subscrición do presente convenio non leva consigo por si soa relación contractual ningunha cos profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio.

Sétima: publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o concello de Larouco acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.





De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Oitava: período de vixencia

A vixencia do presente convenio será dende o día da súa sinatura ata o **30 de novembro de 2021**.

Novena: Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décima: outras obrigas do beneficiario

- Non alterar o destino da achega.
- Realizar a correspondente execución segundo o plan proxectado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.



- Admitir as inspeccións e controis que establezan os servizos técnicos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- Efectuar a xustificación de gasto na forma preceptuada neste convenio.
- Prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de contas e ao Consello de Contas.
- Ademais son obrigas do beneficiario todas as establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

Décimo primeira: subcontratación e reintegro

A entidade beneficiaria poderá subcontratar totalmente a actividade. En ningún caso poderán subcontratar actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Considérase subcontratación a concertación total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Quedan fóra deste concepto os gastos nos que ten que incorrer a entidade para a realización de seu da actividade subvencionada.

En todo o non previsto expresamente nesta cláusula para a subcontratación, estarase ao disposto polo artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 43 do seu regulamento.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Décimo segunda: réxime xurídico

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Así mesmo, este acordo está suxeito ao Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non solucionadas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo terceira: rescisión do acordo

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por duplicado no lugar e na data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

A alcaldesa do Concello de Larouco

Román Rodríguez González

Patricia Lamela Rodríguez

ANEXO I

DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBIÇÕES PARA OBTENIR A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

Don/Dña _____ con
DNI _____, en nome e representación da
entidade _____ con
CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:





A) Que para a seguinte actuación _____, a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas e ingresos que se relacionan a continuación:

AXUDAS/INGRESOS CONCEDIDOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS/INGRESOS SOLICITADOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para as mesmas actuacións, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se acha incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, ___, de _____ de 20__.

ANEXO II

Don/Dña _____, con
 DNI _____, en nome _____ e representación da
 entidade _____, con
 CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE





Que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Que non ten pendente ningunha obriga por reintegro de subvencións.

(Lugar e data)

(Sinatura)





ANEXO III

DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

Don/Dna _____, con
DNI _____, en nome e representación da
entidade _____, con
CIF _____

DECLARO BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade local á cal representa é titular da conta corrente que de seguido se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración.

- Entidade: (4 díxitos)
- Sucursal: (4 díxitos)
- Díxito de control: (2 díxitos)
- Núm. de conta: (10 díxitos)

(Lugar e data)

(Sinatura)



ANEXO IV

AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN RELATIVA ÁS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO ESTADO, COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E COA SEGURIDADE SOCIAL.

Don/dona:

con enderezo

DNI núm.

en nome propio/en representación de

con CIF núm.

(cumprimentar o que proceda)

AUTORIZA á Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado así como coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, do 12 de decembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento, e a disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

(Lugar e data)

(Sinatura)

